

Nº Expte.: **IN408A 2017/25**

Denominación do proxecto: **Parque Eólico MONTE INXEIRO (DUP)**

Solicitante/Promotor: Parque Eólico Monte Inxeiro, S.L.

Situación: Concellos de **Ordes** e **Cerceda** (A Coruña)

Asunto: **Remisión da documentación** relativa á **solicitud de declaración de utilidade pública** do proxecto referenciado **para a súa exposición pública**.

Achégase a documentación da instalación referenciada que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través da correspondente ligazón, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta (30) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo no DOG (que será previsiblemente o próximo 30 de outubro de 2024). Ademais, esta documentación tamén se poderá **consultar no portal web** da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

Documentación para Información Pública:

- **Acordo** do 23/08/2024 da Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica do proxecto **parque eólico Monte Inxeiro**, nos concellos de Ordes e Cerceda (A Coruña) (expediente IN408A 2017/025).

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/8bETRZj4gAbzGqT>

- ✓ A **relación** concreta e individualizada **dos propietarios de bens e dereitos afectados** polo proxecto (**RBDA**), que figura no anexos que se insiren neste Acordo.

Documentación Técnica do Proxecto:

- **Memoria Xustificativa DUP** (agosto 2024-asdo.09/08/2024):

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/itTacLnnRkJ2QmJ>

- **Plano Xeral** do proxecto:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/32Apy2ManrkHC82>





✓ **Planos individuais** dos predios afectados polo proxecto:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/R3qSMDspyPAsxQP>

Así mesmo, esta exposición faise co fin de **cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello**, segundo co establecido no art.33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Rematado este prazo, **deberá remitir** a este Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:

- A **exposición pública**, especificando **o período da exposición, toda a documentación exposta**, anteriormente relacionada, así como indicar se presentaron alegacións ante ese Concello ou non e, de ser o caso, **relacionais na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

A xefa de sección de Eólicos

María del Mar Rueda Alonso

